



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE) PARA A CELEBRACIÓN DE XANTAR, 18º SALÓN INTERNACIONAL DE TURISMO GASTRONÓMICO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e Expourense para a celebración da 18º edición de Xantar Salón Internacional de Turismo Gastronómico que se levará a cabo na cidade de Ourense do 1 ao 5 de febreiro de 2017, para promover o coñecemento da gastronomía galega como un dos elementos esenciais do desenvolvemento turístico de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas





competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense), entidade sen ánimo de lucro tal e como establece o artigo 4 dos seus estatutos, ten como obxecto destinar e afectar un patrimonio á realización de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial á que a súa denominación e fins se contraen, entre os cales se sinalan a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais e calquera outra que teña por obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia e o nivel profesional de todos os sectores da actividade económica contribuíndo á mellora do nivel de vida do medio urbano e rural.

Terceiro.- O Salón Internacional de Turismo Gastronómico é un evento organizado en exclusividade por Expourense para a promoción e fomento da actividade económica do sector turístico, que pola súa importancia está posicionado como un evento de prestixio no panorama peninsular.

Cuarto.- Ademais da promoción da gastronomía, Xantar é tamén o punto de encontro dos recursos turísticos das rexións participantes no salón. Sen saír do recinto feiral, o visitante pode coñecer os atractivos naturais, arquitectónicos, históricos e, por suposto, enogastronómicos, dos distintos puntos xeográficos promovidos por organismos públicos (concellos, deputacións, padroados de turismo, etc...) que acoden a esta cita procedentes de toda España e Portugal.

Que a través deste convenio, outórgase á Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE) unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Axencia Turismo de Galicia



Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

